



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

GRUPO PROVINCIAL
G-32014003
xosebaltar@bng.gal

Bernardo Varela López, voceiro do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demás disposicións concordantes presenta a seguinte moción **relativa á situación das unidades de lactantes e preescolares/escolares no CHUO para garantir o seu funcionamento separado e correcto.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Bloque Nacionalista Galego tivemos coñecemento dunha situación preocupante que se está a dar desde os meses estivais no Complexo Hospitalario de Ourense e que require dunha inmediata corrección por parte da Xunta de Galiza de cara a dar un adecuado servizo hospitalario e asistencial á poboación infantil que acode a este centro.

As unidades de lactantes e preescolares/escolares no CHUO comenzaron no verán a ter un funcionamento que na práctica podemos afirmar que é unificado, alegándose por parte da organización do centro unha presunta diminución de actividade asistencial no verán e a coincidencia con desfrute de vacacións por parte do persoal. Porén, esta situación seguiuse alongando até a actualidade e, segundo puido saber este Grupo Provincial, a finais do mes de setembro coñeceuse de forma informal que estes servizos continuarían así sen data de volta á situación previa.

Neste momento, polo tanto, non hai unha atención en espazos separados e adecuados axeitadamente e con persoal suficiente, o que supón un grave deterioro asistencial e un paso atrás máis na atención en Ourense á poboación infantil.

Cómpre recordar que a unidade de lactantes abrangue até os dous anos de idade. Nesta unidade aténdense en moitas ocasións bebés de poucos días e crianzas con atencións moi específicas. Estamos a falar de crianzas sen autonomía, que requieren dunha observación e atención moi particular por parte do persoal. Falamos de nenos e nenas cuxa atención require moito tempo, pois algo tan habitual como a canalización dunha vía é especialmente delicado nestes pacientes. Da mesma forma, o persoal debe preparar biberóns, xestionar as tomas ou suplir as ausencias de familiares en nenos e nenas totalmente dependentes.

No que respecta á unidade de preescolares/escolares estamos a falar de nenos e nenas entre 2 e 14 anos, e en ocasións mesmo de ingresos puntuais de pacientes de ata 17 anos por criterio facultativo. A abordaxe e atención é diferente e debe terse en conta que neste abano atopanse situacións que requiren tamén dun seguimento continuado, que é incompatíbel coa atención en paralelo de crianzas de idades máis temperás. Así mesmo, inclúense patoloxías moi específicas como psiquiatría, pacientes cirúrxicos, especialidades moi diversas que precisan dunha atención tamén moi diversa e que require en ocasións unha gran atención.

Polo tanto, non é xustificable unificar estes dous servizos. Por unha banda, a ubicación na que se unificaron non está adaptada para os lactantes e hai serios perigos polas barreiras arquitectónicas. Malia as promesas da Xunta de Galiza neste momento o Materno continúa con importantes deficiencias e unificar estes dous servizos nun mesmo espazo contravén a seguridade das e dos pacientes. Por outra banda, esta seguridade tamén se ve comprometida pola diversidade de realidades e necesidades das e dos doentes, que recomendán a atención separada.

Por último, a precarización e o recorte de persoal do CHUO é a razón última desta situación, xa que por exemplo sabemos que na quenda de noite foi reducido o persoal a case á metade após a unificación das unidades e soamente queda unha persoa de enfermaría e unha persoa de TCAE, de maneira que se produce unha técnica de especial dificultade ou un ingreso é directamente imposible prestar unha adecuada atención ao resto de pacientes ingresados. Así mesmo, o CHUO está actuando de maneira arbitraria e pouco transparente na organización do persoal. En realidade está a reestruturar con afectación ás condicións laborais das e dos profesionais e de diminución de efectivos do cadro de persoal, non só pola desorganización de carteiras,

quendas, vacacións e permisos, senón porque parte do cadro de persoal foi mobilizado a outros servizos de maneira non definida, sen ter en conta os anos de experiencia. Así mesmo, non se está a ter en conta para uns servizos tan específicos coma os sinalados a formación específica en pediatría mentres se move a persoal que si a ten a outros servizos.

Esta situación é intolerable e require dunha corrección inmediata, máis aínda tendo en conta as necesidades da situación derivada da covid-19

ACORDOS

1. A Deputación de Ourense insta á Xunta de Galiza a rectificar de forma inmediata a unificación práctica das unidades de lactantes e preescolares e escolares e garantir o seu funcionamento separado, en espazos separados e debidamente acondicionados e con persoal suficiente, priorizando o persoal con formación pediátrica.
2. A Deputación de Ourense insta á Xunta de Galiza e ao SERGAS a reincorporación inmediata do persoal especializado aos seus postos de traballo nesta área tan sensible e especializada, e namentres que se establezan canles de diálogo coas mesmas que garantan a operatividade do servizo no futuro e os seus dereitos laborais

En Ourense a 16 de novembro de 2020

Asdo: Bernardo Varela López

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE